

MEMORIA 2023

- 9 de xaneiro** Presentado no protectorado da Fundación Galicia Europa en Bruxelas o Proxecto “Museo X.Piñeiro”.
- 16 de xaneiro** Presentación da Memoria da FXP do ano 2023 no Protectorado da Xunta onde se rexistran todas as actividades das Fundacións en Galicia.
- 19 de xaneiro** A FXP estivo presente no seminario celebrado no Museo de Pontevedra, arredor da exposición “Eloxio do silencio”, de Silverio Rivas. Nel interviron diversas persoas expertas en arte: Miguel Anxo, Basilia Fiestas, Amaya González, Javier Tudela e Xosé Manuel Buxán como moderador da mesa; Beatriz de San Ildefonso como comisaria da exposición e o propio artista, Silverio Rivas.
- 25 de xaneiro** Cuqui Piñeiro e Suso Vázquez mantiveron unha reunión con Fernando Casás para comunicarlle que o Padroado decidiu por unanimidade adicarlle a 2ª Edición de Diario de Artista. Envióuselle unha carta para deixar constancia por escrito desta decisión.
- 24 de febreiro** Celebrouse unha reunión online do Padroado, proposta polo presidente, Suso Vázquez para falar de temas concretos que requirían aprobación urxente como o 25º aniversario da FXP e a participación da FXP na III Edición do Premio Exería.
- Envíase a acta desta reunión ao Padroado o 25/02/23.
- 1 de marzo** Reuníronse Helena Pousa e Suso Vázquez coa Concelleira de Cultura de Tui, Sonsoles Vicente Solea, para solicitar apoio económico para a elaboración da 2ª edición do libro Colección Nerga dedicado a Silverio Rivas. Deixouse nesta concellaría un volume do libro de XP escrito por E. Alonso e tamén un exemplar da monografía sobre X.P (1ª Edición da Colección Nerga) e outro exemplar da 1ª Edición de Diario de Artista dedicado a M. Buciños. Así mesmo, tal como se ten feito neste tipo de reunións deixouse un resumo das actividades realizadas pola FXP. A día de hoxe non hai ningunha nova sobre a colaboración económica.

- 10 de marzo** Tivo lugar na Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, os venres da EMAO, dedicado nesta ocasión a Silverio Rivas. representantes da FXP estiveron presentes no acto.
- 13 de marzo** Robaron o busto de Xoán Piñeiro da Alameda Vella de Cangas. Camilo Caamaño e Suso Vázquez, presidente da FXP, denunciaron o furto diante do cuartel da Garda Civil de Cangas, acompañando fotos e detalles da obra roubada.
- 14 de marzo** Cuqui Piñeiro e Suso Vázquez reuníronse con Miguel Santalices Vieira, Presidente do Parlamento Galego, para falar da ausencia de obra de X.Piñeiro na colección pública de arte galego no Parlamento de Galicia. Falaron da importancia de que o escultor galego estea representado en dita colección e da posibilidade de compra de obra do escultor ás herdeiras.
- 15 de marzo** Con motivo do roubo do busto de Xoán Piñeiro, celebrouse unha rolda de prensa conxunta co Concello de Cangas e a FXP para denunciar este furto e falar da defensa do noso patrimonio e obra pública.
- marzo** Co motivo do 25º aniversario do falecemento de Xoán Piñeiro, a FXP instalou unha pancarta en Goián, na rúa que leva o seu nome.
- 17 de marzo** Para avanzar no *Diario de Artista*, Suso Vázquez, presidente da FXP, reuniuse en Gondomar con Fernando Casás e Mina, súa compañeira.
- 3 de abril** Helena Pousa e Suso Vázquez, mantiveron unha reunión coa Concellería de Cultura de Ponteareas para falar da próxima publicación do libro da Colección Nerga dedicado a Silverio Rivas.
- 12 de abril** Nova reunión de Suso Vázquez con Fernando Casás e Mina para avanzar na elaboración da edición do libro de “Diario de Artista”.
- 14 de abril** Suso Vázquez, presidente da FXP, realizou o primeiro contacto co Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), ao fin de falar sobre a exposición da obra de Fernando Casás e do libro *Diario de Artista*.

17 de maio Celebrouse no Día das Letras Galegas, unha homenaxe a Francisco Fernández del Riego, quen fora membro do Padroado desta FXP. Dende esta FXP fíxose fincapé na relevancia da súa figura na cultura galega e do seu legado como escritor, ensaísta e crítico literario.

Enviouse un correo electrónico ao Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) ao fin de lembrarlle a conversa mantida no primeiro contacto con este organismo.

18 de maio Neste *Día Internacional dos Museos*, a FXP participou nas xornadas de portas abertas na Casa Museo Camaño Xestido “A Mangallona”.

Fíxose unha chamada recordatoria ao Secretario do MARCO, pero non houbo ningunha resposta por parte desta institución a todos estes intentos realizados nos últimos meses.

25 de maio A FXP xunto co Ateneo Atlántico e o Instituto de Estudos Vigueses puxeron en marcha o “1º Roteiro entre esculturas” para dar a coñecer e reflexionar sobre a escultura pública da cidade de Vigo. O punto de partida foi a Praza de X.P. nas Travesas e o punto final foi a Praza de América. Como guías participaron Cuqui Piñeiro, Jose Luis Mateo, Mercé Bangueses e Silverio Rivas. O acto tivo unha gran acollida e participaron mais de 70 persoas.

2 de xuño O presidente da Fundación, Suso Vázquez, xunto con J. Luís Mateo, tiveron unha entrevista en Radio Valladares para falar do 1º Roteiro entre Esculturas e dar a coñecer a obra Pública en Vigo.

13 de xuño Tivo lugar na EMAO, o acto de entrega do Premio da 3ª Edición do “Certame Litterario EXERIA”, organizado polo Ateneo Atlántico e esta F.X.P. Helena Pousa, como representante da Fundación formou parte do xurado deste premio. Na entrega dos premios, Cuqui Piñeiro, entregou o primeiro premio a Lois Alcayde Dans polo relato “Lugar fermoso” consistente nun cheque de 1000 euros, un diploma e unha escultura de bronce da que é autora. O Accesit foi outorgado a Pablo Nogueira. O acto finalizou coa intervención musical de M. J. Pérez e logo convidouse a un vino galego e aperitivos para celebrar estes premios no Patio de Gaitas desta entidade. Nesta edición confirmase a consolidación deste certame.

Pepe Barro e Suso Vázquez, reuníronse con Silverio Rivas co fin de

- 21 de xuño** familiarizarse coa obra e vida do escultor, recopilar información e material fotográfico de interese para a elaboración do libro dedicado a este autor.
- 26 de xuño** Suso Vázquez, reuniuse en Santiago con Xoán R. Doldán (Decano da Facultade de Ciencias Económicas da U.S.C.), para presentar a F.X.P. e as súas actividades así como ver a potencialidade de futuras colaboracións (por exemplo, roteiros dedicados á obra escultórica, etc.).
- 21 de xullo** Nova reunión de Pepe Barro e Suso Vázquez con Silverio Rivas para avanzar na elaboración da publicación do libro da colección Nerga.
- 31 de xullo** Nova reunión de Pepe Barro e Suso Vázquez con Silverio Rivas para avanzar na elaboración da publicación do libro da colección Nerga.
- 8 de setembro** O presidente da F.X.P. reuniuse con Marta Lucio, Directora do Museo do Mar de Vigo. Na reunión presentou a F.X.P., os seus fins e actividades entre as que está a elaboración da 2ª Edición de *Diario de Artista*, dedicado a Fernando Casás. Solicitou ademais espazo para a exposición deste artista, mostrando a directora interese en coñecer a súa obra.
- 9 de setembro** Organizada por Cuqui Piñeiro en colaboración coa F.X.P., celebrouse a “XI Festa da Arte”, no xardín da Fundación Arte Bronce en Goián. Esta edición estivo dedicada especialmente á Obra Pública, a súa transcendencia así como á falta de apoio institucional que padece. A presentación correu a cargo de Camilo Franco. Participou o Cuarteto musical Dumka e artistas como F. Casás, F. Leiro, S. Rivas, Iván Prieto, Carlos Salas, etc. A exposición tivo unha asistencia multitudinaria. Aproveitouse a ocasión para a venda de exemplares de libros da colección “Nerga” e “Diario de Artista”.
- 27 de setembro** Marta Lucio citou a Fernando Casás para comunicarlle a aceptación da Exposición do artista neste Museo do Mar que se celebrará no último trimestre de 2024.

- 2 de outubro** Reunión de Suso Vázquez e Luís Escudro coa Alcaldesa de Tomiño para falar da Obra Pública e do Proxecto do Museo Xoán Piñeiro.
- 26 de outubro** Suso Vázquez e Isabel Riego participaron nun acto en Vilanova de Cerveira, Portugal: “Eurocidade Cerveira – Tomiño”, onde se presentou a Axenda Urbanba 2030 cos Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 2030. O acto que tivo lugar na Biblioteca Municipal de Cerveira, contou coa presenza da alcaldesa de Tomiño, Sandra González e do presidente de Cerveira, Rui Teixeira. Fixeron unha relación do acto como institución e nomearon a F. X. P. Pola súa participación.
- 8 de novembro** Suso Vázquez e Cuqui Piñeiro, reuníronse con Nava Castro, alcaldesa de Ponteareas para solicitarlle colaboración para a elaboración do libro de Silverio Rivas que en orixe, é desta vila. A resposta foi moi positiva. Cóntase cunha achega de 3.000 € e a alcaldesa manifestou interese por facer a presentación do libro nesta localidade. Ademais de ver que este concello non conta con ningunha obra deste escultor, aceptou con interese a proposta de colocar unha escultura súa nalgún lugar da vila.
- 29 de novembro** Cuqui Piñeiro e Suso Vázquez, reuníronse con Silverio Rivas para valorar o posible desprazamento dunha obra do escultor a Ponteareas. O tema da obra podería estar relacionado coas Meninas.
- 30 de novembro** Tivo lugar a visita ao Concello de Tomiño por parte de Suso Vázquez e o arquitecto Sergio Portela para falar coa arquitecta municipal sobre o Museo Xoán Piñeiro e dos primeiros pasos que se deben dar en canto a licenzas, apoio económico do Concello, etc. Para poñer en marcha este proxecto.
- 2 de decembro** Celebración da reunión plenaria do Padrodado da Fundación no Pazo de Cultura de Pontevedra. Enviouse acta da reunión.
- 12 de decembro** Cuqui Piñeiro e Suso Vázquez mantiveron unha reunión en Santiago con Anxo Lorenzo, Director Xeral de Cultura da Xunta, para solicitar colaboración na elaboración do libro de Silverio Rivas. Aproveitaron a

ocasión para informar sobre a nova edición do *Diario de Artista* e outros temas importantes como a do Museo de Xoán piñeiro e orzamento deste proxecto.

13 de decembro Helena Pousa e Cuqui Piñeiro reuníronse na casa de Silverio Rivas co coordinador desta nova publicación que formará parte da colección Nerga. Aproveitando a presenza do seu fillo Miguel, recolleron material fotográfico cara a catalogación da obra que formará parte desta edición.